


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

8-9 de xuño do 2024

X ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

♪ n° *Que ledos hoxe estamos*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, unha vez máis, como tantas outras, celebramos a nosa fe compartíndoa en comunidade. Nesta semana o evanxeo de Xesús plantéxanos dúas ideas principais, unha na que se nos fala da unidade fronte a división, e outra na que se nos fala de facer realidade a vontade de Deus escoitando e vivindo a súa Palabra.

Por todo isto Xesús aléntanos para ser testemuñas de unidade, porque seguro que moito é o que nos divide e enfrenta, pero moito máis é o que nos une e o que compartimos. Velaí a importancia de sentirmos parroquia máis que individuo.

E somos alentados tamén a ver a vida como un camiño no que estamos convidados a facer realidade a vontade do Señor. A fe alimentámola cos feitos cando con eles amosamos coherencia co evanxeo. Celebrámolo agora.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *A vida de Xesús demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas, sen facer diferenzas, sen medo a achegarnos a quen non ten a ninguén, a quen non conta. Por iso agora necesitamos renovar diante de Deus os nosos compromisos ao tempo que pedimos perdón porque podemos facelo mellor:*

**Monitor/a**

➤ **Comprometémonos para vivir sen marxinar e dando unha man para a paz?**

**SI COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometémonos para estar de parte dos homes e mulleres que teñen que vivir en situacións miserentas, sen futuro, sen dignidade e afogando na violencia?**

**SI COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometémonos para facer a vontade de Deus achegándonos a quen o está pasando mal?**

**SI COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante:** *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se senten deixados de lado. A todos nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Queremos facelo ben como parroquia, e queremos ser xentes de paz porque non estamos de acordo coas violencias que se viven hoxe en moitos lugares.*

*(silenzo)*

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai, Ti es fonte de todo ben, e a túa man non nos abandona nunca, porque Ti sempre estás á nosa beira. Contigo queremos pensar o que é axeitado, e queremos poñelo por obra acollendo a todas as persoas sen facer distincións, e tendo a Xesús coma exemplo.

Así, Pai, facemos a túa vontade, e a do teu Fillo que vive e reina con nós, na unidade do Espírito Santo por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Na primeira lectura San Paulo danos palabras de alento: a grandeza da vida está no interior. As cousas externas son necesarias, pero as do noso interior son imprescindibles.*

*No evanxeo Xesús fala de unidade e fala de feitos para ser vontade de Deus. escoitemos e fagámonos nós cribles.*

## LECTURA DA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

mantendo o mesmo espírito de fe, segundo o que está escrito creo e por iso falo, tamén nós cremos e por iso falamos. Porque sabemos que Aquel que resucitou a Xesús nos ha resucitar tamén a nós con Xesús e nos ha colocar convosco onda el. Todo isto acontece por causa vosa, de modo que, ao estenderse a graza, se multiplique o número dos agradecidos, para gloria de Deus.

Por iso non nos apoucamos: aínda que o noso exterior vai esmorecendo, o interior, todo o contrario: renóvase de días a días. Os sufrimentos transitorios e leves preparánnos unha inmensa carga de gloria eterna por riba de toda medida. Non poñemos as nosas olladas nas cousas que se ven, senón nas que non se ven; porque as que se ven son efémeras, mentres que as que non se ven son eternas.

Sabemos que, se a nosa morada terrestre -que vén ser coma unha cabana-, se derrubase, contamos cunha edificación de Deus, unha casa eterna no ceo, non feita por mans de homes.

**Palabra do Señor**

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

SALMO

Daquela foi Xesús cos seus discípulos para a casa; alí xuntouse de novo tanta xente, que nin podían comer. E cando o souberon os seus parentes, foron buscalo á forza; porque a xente dicía que perdera o sentido.

Os letrados que baixaran de Xerusalén, dicían: "ten dentro a Belcebú; bota fóra os demos co poder do príncipe dos demos". El chamou por eles e púxolles estas comparanzas:

- Como pode Satanás botar a Satanás? Se un reino está dividido en contra de si mesmo, non se pode manter en pé. Se unha casa está dividida en contra de si mesma, non pode subsistir.

Nisto chegan súa nai e mailos seus irmáns, e mandárono chamar desde fóra. Era moita a xente que estaba sentada arredor del, e fóronlle dicir:

- Aí fóra están túa nai e mais teus irmáns, que te veñen buscar.

El respondeu:

- Quen é miña nai, e quen son meus irmáns?

E mirando os que estaban sentados arredor del, dixo:

- Velaí a miña nai e mailos meus irmáns: pois o que cumpra a vontade de Deus, ese é o meu irmán, a miña irmá e miña nai.

**Palabra do Señor**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

**Celebrante:** Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL achegarnos a quen é marxinado e a quen necesita dunha man. Creemos que vale a pena facer así a vontade de Deus. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Crede en Deus Pai e Nai, creador do ceo e máis da terra, que pon nas nosas mans o facer do mundo un fogar acolledor de xeito que ninguén se sinta marxinado?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, o noso irmán, que viviu nesta terra estando á beira das persoas marxinadas, achegándose e dándolles o mellor de si mesmo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo que nos alenta para camiñar en unidade facendo parroquia?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, comunidade na que todos compartimos e que só será crible na coherencia entre o que se di e o que se fai, doándonos a falta de paz que se vive en tantos lugares?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Rezámoslle agora a Xesús, compartindo en comunidade como el nos pide, e querendo ser testemuñas e exemplo da súa vontade. Oremos dicindo Señor queremos facer a túa vontade*

### Monitor/a

- ✓ Recemos con todas as persoas que se moven por levar conforto e apoio aos marxinados, pois ese é camiño para facer evanxeo. Oremos xuntos
- ✓ Recemos coas persoas que se senten soas e que non atopan a ninguén que as escoite, porque non podemos facer comunidade marxinando. Oremos xuntos
- ✓ Recemos con todas as persoas que viven e sofren sen futuro e sen esperanza, para que atopen en nós exemplo de irmandade. Oremos xuntos
- ✓ E recemos para facer crible a paz, para que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor nas terras onde reina a violencia. Oremos xuntos

**Celebrante:** *Señor, escoitas as nosas pregarías, e nós enchémonos do alento que te levou a achegarte e ofrecer o mellor a os demais, porque nós queremos facer a túa vontade contigo que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Cada vez que rezamos a oración que Xesús nos ensinou dicímoslle a Deus: “fágase a túa vontade”, pero ás veces non nos damos conta de que somos nós os que temos que facer esa vontade, son os nosos feitos os que nos fan cribles. Rezamos ofrecendo as nosas mans para facer ben dicindo:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns en Cristo, e facendo noso o seu camiño de vida imos darnos a paz porque aquí, nin marxinamos nin rexeitamos, aquí dámonos a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Os primeiros discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben.*

*El acollía a todos sen discriminar, El acóllenos agora compartindo en parroquia.*

*Ditosos nós convidados a este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 55** *No colo da miña nai*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, seguros da túa bondade fixeches que compartíramos esta celebración de vida e de fe. Nós queremos facer a túa vontade, e seguir os teus pasos non só de palabra e de lingua senón con feitos e na unidade acollendo sen facer diferenza por pensar ou crer diferente.

Así o compartimos como parroquia contigo que vives e reinas con nós por sempre eternamente.  
Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Facendo as cousas ben  
queremos fixarnos máis no que nos une  
e menos no que nos separa,*

*queremos facernos cribles fartando as sedes de vida  
de todas as persoas que son marxinadas,*

*e queremos queixarnos polo nada que vale a vida  
cando non se pode vivir en paz.*



*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén  
Podémonos ir en paz.*